

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 19 DE ABRIL DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 12:00 horas do día 19 de abril de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 17 de abril, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda
D^a. Pilar Carneiro Miniño (asiste aos puntos 2a e 3a)
D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe (asiste aos puntos 8be 9b)
D. José Ángel Lago Filgueira (asiste aos puntos 8d e 9d)
D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 6, 7, 8a, 9a e 10), por delegación de D. Óscar Couce Senra de data 18 de abril de 2018
D. Gilberto Modes Crespo (asiste aos puntos 15, 4, 8c e 9c)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 12 de abril de 2018

Apróbese a acta da sesión do 12 de abril de 2018 cos votos de D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, D^a. Susana García Álvarez, D^a. Olga Gómez Corbal e D. José Riesgo Boluda.

b) Acta da sesión do 16 de abril de 2018

Apróbese a acta da sesión do 16 de abril de 2018 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Olga Gómez Corbal e D. José Riesgo Boluda.

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2018 (8.560-336)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación ábrese o sobre A "Documentación persoal". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 08:56	Páxina 1 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAH4E-CCD8B8-EHAD5B-25D6CU-BCWH4P-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
1. DANIELA ALVITE WAISMAN "IMAXINA SERVIZOS EDUCATIVOS E CULTURAIIS" (lote 4)
 2. MR PICKWICK SCHOOL SL (lotes 5, 6, 7 e 8)
 3. XERMOLO DINAMIZACION SOCIOCULTURAL SL (lotes 5 e 9)
 4. GESTION DE LA FORMACION Y ORGANIZACION SL (lote 4)
 5. TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L. (lotes 1,2 e 3)
 6. MOVE SERVICIOS DE OCIO Y DEPORTES S.L. (lotes 4 e 9)
 7. SERVIPLUSTOTAL, S.L. (lotes 4,5,6 e 7)
 8. CAMPA FORMACION E INTERVENCION SOCIOEDUCATIVA, S.L. (lotes 5,6 e 7)
- b) Outorgar un prazo de tres días hábiles a DANIELA ALVITE WAISMAN "IMAXINA SERVIZOS EDUCATIVOS E CULTURAIIS" co obxecto de que sinala un correo electrónico para os efectos de notificacións.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2018 (8.560-336)

En acto público ábrese o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores presentados e admitidos.

DANIELA ALVITE WAISMAN "IMAXINA SERVIZOS EDUCATIVOS E CULTURAIIS", MOVE SERVICIOS DE OCIO Y DEPORTES S.L.e SERVIPLUSTOTAL, S.L. presenta un único exemplar das súas proposicións, polo que se fai unha copia polo Servizo de Contratación.

O presidente e a secretaria asinan os exemplares presentados. Un deles queda custodiado pola Secretaría da Mesa e do outro exemplar darase traslado ao servizo xestor xunto co expediente.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

15.- Incidencias

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento da praza de Pedro Alvarado (9.811-446)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Entrégase o informe emitido polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns o 17 de abril de 2018 en relación coas cartas de compromiso requiridas a varios licitadores en cumprimento do acordado pola Mesa de Contratación na sesión do 15 de marzo de 2018.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 08:56	Páxina 2 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAH4E-CCD8B8-EHAD5B-25D6CU-BCWH4P-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

Á vista deste informe, os membros da Mesa acordan, por unanimidade, excluír deste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan:

1. CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L. e UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A.- SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L., por non ter presentado a documentación esixida no apartado 7A das FEC do PCAP (*"Carta de compromiso do fabricante de xogos co contido descrito no apartado 16.B.1 desta FEC"*).
2. LAPPSET ESPAÑA VR, S.L. por incompatibilidade (artigo 56 do TRLCSP), ao ter participado na elaboración dos documentos preparatorios do contrato podendo supoñer esta participación un trato privilexiado con respecto aos demais licitadores. Esta participación consta no expediente 9371/446 polo que se seleccionou un dos deseños propostos por esta empresa e no que se indicaba que o deseño *"será incorporado na redacción do preceptivo proxecto de acondicionamento e recuperación da praza pública situada na superficie dos garaxes da comunidade de propietarios do edificio situado na rúa Sanjurjo Badía núm. 167 esquina Pedro Alvarado"*.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento da praza de Pedro Alvarado (9.811-446)

En acto público abriuse o Sobre C *"proposición avaliable mediante fórmula"* dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo	Redución no prazo de execución das obras (días)	Increm. prazo mínimo garantía elementos que configuran o parque infantil (anos)	Increm. prazo mínimo garantía ofertada da obra (anos)
1	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI)	384.900,00	21	10	10
2	PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A. (GPD CONSTRUCCIONES S.A.)	389.990,00	21	10	10

O presidente e a secretaria asinan a documentación presentada.

Asiste á apertura D. Manuel Alonso Vasconcelos, con DNI 36.162.266-X, en representación da Federación Galega da Construción.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

6.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 08:56	Páxina 3 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAH4E-CCD8B8-EHAD5B-25D6CU-BCWH4P-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Álvaro Cunqueiro fase II Corona circular exterior (5.130-440)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 17 de abril de 2018, sobre as ofertas que conteñen baixas con valores anormais ou desproporcionados. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP co licitador que se indica a continuación por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, concedéndolle un prazo de tres días para xustificar a súa oferta:

- COPCISA, S.A.

7.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto das obras de humanización da rúa Vía Norte, entre Urzaiz e Escultor Gregorio Fernández (4.988-440)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 9 de abril de 2018, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP cos seguintes licitadores:

1. COPCISA, S.A.

Durante o prazo concedido, o referido licitador presentou documentación, da que se deu traslado ao responsable do contrato.

O 13 de abril de 2018 o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Fomento emitiu informe sobre a xustificación presentada no que se conclúe *“Non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 152 do TRLCSP para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato”*.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión deste procedemento do licitador que deseguido se indica, por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non telos xustificado:

1. COPCISA, S.A.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto das obras de humanización da rúa Vía Norte, entre Urzaiz e Escultor Gregorio Fernández (4.988-440) (informe sobre C con proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 16 de abril de 2018 de valoración do sobre sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* coa proposta de clasificación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 08:56	Páxina 4 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAH4E-CCD8B8-EHAD5B-25D6CU-BCWH4P-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento a PEMES e emprendedores dentro do proxecto “Vigo Vertical”, cofinanciado polo Fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) (14.438-77) (informe sobre B)

Entrégase o informe asinado polo xefe de Desenvolvemento Local e Emprego o 16 de abril de 2018 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil de Barreiro (10.083-446) (informe sobre B)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns o 17 de abril de 2018 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

d) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza das áreas deportivas municipais dependentes da concellaría de deportes, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas (1.537-611) (informe sobre B)

Entrégase o informe asinado polo director técnico do Servizo de Deportes o 17 de abril de 2018 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”, así como o informe que rectifica o anterior de data 19 de abril de 2018.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto das obras de humanización da rúa Vía Norte, entre Urzaiz e Escultor Gregorio Fernández (4.988-440)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 16 de abril de 2018 de valoración do sobre sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento a PEMES e emprendedores dentro do proxecto “Vigo Vertical”, cofinanciado polo Fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) (14.438-77)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe de Desenvolvemento Local e Emprego o 16 de abril de 2018 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil de Barreiro (10.083-446)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns o 17 de abril de 2018 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

d) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza das áreas deportivas municipais dependentes da concellaría de deportes, vestiarios,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 08:56	Páxina 5 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAH4E-CCD8B8-EHAD5B-25D6CU-BCWH4P-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas (1.537-611)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo director técnico do Servizo de Deportes o 19 de abril de 2018 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

10.- Propostas de clasificación**a) Procedemento aberto das obras de humanización da rúa Vía Norte, entre Urzaiz e Escultor Gregorio Fernández (4.988-440)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a COPCISA, S.A. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte o informe emitido polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Fomento o 13 de abril de 2018.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto das obras de humanización da rúa Vía Norte, entre Urzaiz e Escultor Gregorio Fernández (4.988-440) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	CIVIS GLOBAL SL	96,16
2	AVAN INTEGRAL SL	94,80
3	DRAGADOS, S.A.	93,56
4	MISTURAS, S.A.	93,48
5	EXTRACO, S.A.	92,94
6	HIDROMIÑO S L	92,90
7	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	89,81
8	CONSTRUCCIONES RAMIREZ SLU	89,10
9	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS SL	88,86
10	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS S.A.	87,97
11	OGMIOS PROYECTO, S.L.	87,40
12	ORESA SL	87,20
13	SA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	86,98
14	ORECO S.A	84,78
15	ACCIONA CONSTRUCCION SA	83,69
16	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.- TRANSPORTES M. RODRIGUEZ, S.L.	81,85
17	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL	79,93
18	ELSAMEX, S.A.	77,48



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 08:56	Páxina 6 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAH4E-CCD8B8-EHAD5B-25D6CU-BCWH4P-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 805,72 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

14.- Dar conta da interposición/resolución de recursos

a) Procedemento aberto para a contratación da “concesión de servizos de estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros” (90514/210)

- **Resolución nº 322/2018 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales pola que se desestima o recurso nº 39/2018 interposto por D. Javier Nuevo García, en nome e representación de INGESER ATLÁNTICA, S.L., e D. José Luis Pérez Rebollo, en nome e representación de ESTACIONAMIENTOS IBERPARK, S.A., contra o acordo de adxudicación**

Dáse conta da citada resolución, logo de tomar razón a Xunta de Goberno local na sesión do 12 de abril de 2018.

- **Resolución nº 305/2018 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales pola que se desestima o recurso nº 42/2018 interposto por D. Jaime López Aguilar, en nome de SETEX-APARKI,S.A., contra o acordo de adxudicación**

Dáse conta da citada resolución, logo de tomar razón a Xunta de Goberno local na sesión do 12 de abril de 2018.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 13:15 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 08:56	Páxina 7 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAH4E-CCD8B8-EHAD5B-25D6CU-BCWH4P-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		